

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, QUE REXERÁ A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN
PUBLICIDADE, DA CONCESIÓN DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DE
AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DO CONCELLO DE
VEDRA.

ÍNDICE

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN XERAIS

Cláusula 1. Obxecto do contrato

Cláusula 2. Necesidades administrativas por satisfacer mediante o contrato e os factores de toda orde a ter en conta. Actividades económico-administrativas.

Cláusula 3. Ámbito territorial.

Cláusula 4. Titularidade do servizo e réxime xurídico da utilización dos bens.

Cláusula 5. Codificación do obxecto do contrato.

Cláusula 6. Natureza xurídica do contrato e forma de contratación.

Cláusula 7. Comisión de seguimento.

Cláusula 8. Canon da concesión e tipo de licitación.

Cláusula 9. Existencia de crédito orzamentario.

Cláusula 10. Duración do contrato e data de inicio.

Cláusula 11. Execución do contrato.

CAPÍTULO SEGUNDO. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Sección primeira.- Forma de xestión e carácter do servizo.

Cláusula 12. Forma de xestión.

Cláusula 13. Carácter do servizo.

Cláusula 14. Cesión e subcontratación.

Cláusula 15. Gastos por conta do concesionario.

Cláusula 16. Gastos por conta do concello.

Cláusula 17. Retribución do concesionario.

Cláusula 18. Tarifas do servizo e equilibrio económico da concesión.

Cláusula 19. Mantemento do equilibrio económico.

Sección terceira.- Obrigas e dereitos do concesionario.

Cláusula 20. Obrigas do concesionario.

Cláusula 21. Dereitos do concesionario.

Sección cuarta.- Obrigas e dereitos do concello.

Cláusula 22. Obrigas do concello.

Cláusula 23. Dereitos do concello.

Sección quinta. Intervención do servizo.

Cláusula 24. Concepto, duración e alcance da intervención do servizo.

Cláusula 25. Infraccións.

Cláusula 26. Infraccións moi graves.

Cláusula 27. Infraccións graves.

Cláusula 28. Infraccións leves.

Cláusula 29. Sancións.

Sección sétima. Extinción da concesión.

Cláusula 30. Causas de extinción.

Cláusula 31. Efectos da extinción.

Sección oitava.- Secuestro e rescata da concesión.

Sección novena.- Reversión das instalacións.

Cláusula 32. Reversións das instalacións.

CAPÍTULO TERCEIRO. PROCEDIMIENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

Cláusula 33. Tramitación do expediente de contratación.

Cláusula 34. Publicidade da licitación.

Cláusula 35. Garantía provisional e garantía definitiva.

Cláusula 36. Mesa de contratación.

Cláusula 37. Documentación que se facilitará aos licitadores.

Cláusula 38. Proposicións dos licitadores.

Cláusula 39. Criterios de adxudicación e de avaliación das ofertas.

CAPÍTULO CUARTO. DA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO.

Sección primeira.- Instalacións do servizo.

Cláusula 40. Instalacións do servizo.

Cláusula 41. Utilización das instalacións do servizo.

Cláusula 42. Orixe, calidade e cantidade de auga a subministrar.

Cláusula 43. Explotación do servizo e conservación das instalacións.

Cláusula 44. Obras de ampliación e renovación.

Cláusula 45. Uso da vía pública.

Cláusula 46. Planos de redes.

Cláusula 47. Obras necesarias para atender a nova subministración e á expansión da rede de distribución.

Sección segunda.- organización do servizo.

Cláusula 48. Continuidade do servizo.

Cláusula 49. Persoal do servizo.

Cláusula 50. Oficinas do servizo.

Cláusula 51. Contratación do subministro.

Cláusula 52. Relacións cos usuarios do servizo.

Cláusula 53. Conexións do servizo.

Cláusula 54. Contadores.

Cláusula 55. Petición de suministro e instalación de contadores.

Cláusula 56. Confección e cobro de recibos.

Cláusula 57. Instalacións e consumos municipais.

CAPÍTULO QUINTO. DISPOSICIONES FINAIS

Cláusula 58. Formalización do contrato.

Cláusula 59. Gastos do contrato.

Cláusula 60. Protección do servizo.

Cláusula 61. Continuidade do servizo.

Cláusula 62. Interpretación do contrato.

Cláusula 63. Resolución de controversias.

ANEXO 1.- Descripción das instalacións.

ANEXO 2.- Ordenanzas fiscais.

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN XERAIS

Cláusula 1. Obxecto do contrato

É obxecto do presente prego, a contratación da xestión, mediante concesión administrativa, dos servizos públicos de abastecemento de auga, sumidoiros e depuración do concello de Vedra.

O concesionario terá ao seu cargo a xestión, en todo o concello de Vedra, os servizos públicos que integran o ciclo integral da auga, a cuxos efectos realizará todas as actividades que sexan necesarias ou convenientes para unha axeitada xestión e funcionamento dos servizos.

Integran o servizo, as instalacións que se relacionan no anexo 1, así como as que nun futuro poidan adscribirse ao servizo, comprendendo en:

a.- Abastecemento: as operacións precisas de almacenamento, tratamento e distribución de auga tanto no referente ao funcionamento e prestación do servizo, como no que se refire á realización da conservación das súas instalacións.

B.- Saneamento: conducción, bombeo e depuración das augas residuais e pluviais e a súa vertedura á canle pública.

Así mesmo, poderá constituír obxecto da concesión ao longo da súa duración calquera outra tarefa ou actividade relacionada co seu obxecto que, previo acordo entre Administración e concesionario, poida realizarse conxuntamente co servizo do ciclo integral da auga.

As obras de ampliación, renovación e/ou mellora relacionadas co obxecto do presente contrato, serán de competencia exclusiva municipal, vindo o concesionario a participar no financiamento das mesmas, de maneira total ou parcial, a vontade do concello, sempre que previamente se atope a forma de resarcir a aquel da inversión realizada e da súa xestión, no prazo de vixencia do contrato ou dalgunha das prórrogas.

Cláusula 2. Actividades económico-administrativas.

O concesionario virá obrigado a realizar todas aquelas actividades económico-administrativas que comporta a xestión dun servizo público.

Cláusula 3. Ámbito territorial.

O ámbito territorial deste contrato esténdese a todo o termo municipal de Vedra.

Cláusula 4. Titularidade do servizo e réxime xurídico da utilización dos bens

O concello é titular do servizo que se prestará de forma indirecta mediante a modalidade de concesión, ostentando este Servizo, a cualificación de servizo público do concello, cuxa competencia ten atribuída , o que xustifica o control da súa xestión e a inspección do

servizo en todo momento, conservando os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos de que se trate. Así como entre outras potestades a de interpretar, modificar e rescindir o contrato unilateralmente por causas de interese público.

O Concello confire ao Concesionario o dereito durante a vixencia do Contrato a utilizar as instalacións existentes e futuras que se incorporen ao Servizo, recoñecéndolle as facultades de xestión do Servizo obxecto deste Contrato.

Cláusula 5. Codificación do obxecto do contrato

Faise constar que as actividades que constitúen o obxecto do presente contrato se corresponden cos códigos indicados da Nomenclatura CPV da Comisión Europea. Regulamento (CE) nº 2151/2003 da Comisión de 16 de decembro de 2003 polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o Vocabulario común de contratos públicos (CPV).

65100000-4 Distribución de auga servizos conexo
65110000-7 Distribución de auga
65111000-4 Distribución de auga potable
65120000-0 Explotación dunha planta depuradora de auga
65130000-3 Explotación do subministro de auga
90000000-7 Servizos de sumidoiros e eliminación de desperdicios, servizos de saneamento e de medio ambiente
90100000-8 Servizos de recollida e utilización de augas residuais e desperdicios
90110000-1 Servizos de sumidoiros
90111000-8 Servizos de retirada e tratamento de augas residuais
90111100-9 Servizos de retirada de augas residuais
90111200-0 Servizos de tratamento de augas residuais
90111300-1 Servizos de utilización de augas residuais
90112000-5 Servizos de tratamento de pozos negros e fosas sépticas
90112100-6 Servizos de tratamento de pozos negros
90112200-7 Servizos relacionados con fosas sépticas
90112210-0 Servizos de tratamento de fosas sépticas
90113000-2 Servizos de limpeza de sumidoiros
90114000-9 Servizos de xestión da rede de sumidoiros
90114100-0 Explotación dunha planta de tratamento de augas residuais
90115000-6 Servizos de inspección da rede de sumidoiros

Estas actividades aparecen igualmente recollidas no **código da clasificación estatística** de produtos por actividades na Comunidade Económica Europea (CPA-2002) recollida no Regulamento (CE) nº 204/2002 da Comisión, de 19 de decembro de 2001, publicado no Diario Oficial da Comunidade Europea L 36, de 6 de febreiro de 2002.

Cláusula 6.- Natureza xurídica do contrato e forma de contratación

A contratación da xestión dos servizos públicos de Auga, Rede de sumidoiros e Depuración, obxecto desta licitación , adoptará a forma de concesión administrativa,

conforme ao preceptuado no artigo 114.3.a) do Regulamento de servizos das Corporacións Locais do 17 de xuño de 1955 (en diante RSCL), e o disposto no R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro.

O contrato rexerá en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo establecido no Prego, e, no non previsto polo mesmo, polo disposto no R. D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, Texto refundido da Lei de contratos e, en canto non se encontre derogado por esta, polo R.D. 1098/2011, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, o RSLC, así como polas restantes normas do Dereito Administrativo.

Subsidiariamente, serán de aplicación as normas do Dereito Privado, así como cantas demais disposicións, directa ou suplementariamente, resulten de aplicación.

Todo iso, sen prexuízo do establecido no presente prego, o cal constitúe lei do contrato e forma parte integrante do mesmo, así como a proposición económica e demais documentación presentada polo adxudicatario.

Cláusula 7. Comisión de Seguimento

Unha vez adxudicado o contrato, crearase unha Comisión de Seguimento e Control do Servizo, presidida polo Sr. Alcalde ou Concelleiro no que delegue, e formada polo Concelleiro delegado do Servizo de Auga, ademais dos membros da Corporación Municipal que consideren oportunos e os técnicos municipais que en cada momento designe a Presidencia, así como os representantes do Concesionario. Esta Comisión redactará os eu propio Regulamento.

A Comisión, ademais de fiscalizar directamente a xestión do Concesionario, considerará todos os problemas que se presenten ou poidan presentarse relacionados co Servizo e coordinará as relacións entre o Concesionario e o Concello.

Proporá tamén á Corporación Municipal as accións que considere convenientes para o correcto desenvolvemento do Servizo, e a programación de futuras ampliacións.

Nas deliberacións da Comisión, os técnicos do Concesionario terán voz pero non voto.

Cláusula 8. Prezo do contrato, canon da concesión e tipo de licitación

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de corenta e seis mil trescentas trinta e seis euros (46.336 €) mais IVE do 21% de doce mil trescentos vinte euros (12.320 €), totalizando a contía de cincuenta e oito mil seiscentos cincuenta e seis euros (58.656 €).

O importe a recibir pola administración en concepto de canon a abonar polo concesionario estará composto por un Canon Anual variable que será, no seu caso, a diferenza entre a retribución do concesionario e as taxas aprobadas pola correspondente Ordenanza Fiscal.

O tipo de licitación constitúeno as tarifas que se sinalan no anexo 2. Os licitadores farán constar de forma expresa no modelo de proposición incluído neste Prego, o prezo que percibirán pola aplicación das correspondentes tarifas pola prestación do servizo obxecto deste Prego.

Cláusula 9. Existencia de crédito orzamentario

Atendido o réxime económico da concesión, o presente contrato non require de dotación de crédito orzamentario nos estados de gastos do Orzamento da Corporación.

Cláusula 10. Duración do contrato e data de inicio

O contrato terá unha duración de 8 meses, a contar dende o día seguinte á formalización do contrato de adxudicación.

O servizo comezará a prestarse a partir do día da sinatura do contrato previa constitución da Fianza definitiva por parte do Concesionario.

Cláusula 11. Execución do contrato

O Adxudicatario obrígase á execución do contrato con exacto cumprimento das condicións recoñecidas no presente Prego, así como cantas disposicións estean vixentes en materia de contratación municipal comprometéndose a fornecer todos os elementos necesarios para levar o mesmo a bo fin e a realizar cantas xestións sexan necesarias para iso de conformidade ao ofertado polo adxudicatario.

CAPÍTULO SEGUNDO. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Sección primeira. Forma de xestión e carácter do servizo

Cláusula 12. Forma de xestión

A forma de xestión do servizo é a xestión indirecta baixo a modalidade de concesión, de conformidade co establecido no artigo 277.a RDL 3/2011, e os artigos 114 e ss do RSCL.

Cláusula 13. Carácter do servizo

Na ordenación xurídica da concesión mantense, como principio básico, que o servizo concedido seguirá ostentando, en todo momento, a cualificación de servizo público. En consecuencia o Concello ostentará todas as facultades que lle correspondan por Lei como titular do servizo de competencia e de prestación obrigatoria.

A xestión do Servizo por parte do Concesionario axustarase en todo momento ao Regulamento Municipal do Servizo.

Son de aplicación a este Prego as potestades, enumeradas a título enunciativo, nos Artigos 114 e 127 do Regulamento de Servizos de Corporacións Locais. A estes efectos todos os impresos que se utilicen no Servizo, levarán a seguinte cabeceira:

“Concello de Vedra”
Servizo Municipal de Auga Potable e Saneamento
Identificación do Concesionario

Calquera modificación ou mellora do servizo que estime o concesionario deberá someterse á consideración do Concello conforme ao art.108 do Texto Refundido en materia de Réxime Local, aprobado polo RDLex. 781/1986.

Cláusula 14. Cesión y subcontratación

Os dereitos e obrigas dimanadas do contrato só poderán ser obxecto de transmisión a un terceiro cando o autorice expresa e previamente o órgano de contratación, de acordo co establecido no presente prego.

O concesionario poderá concertar con terceiros a realizacións das presentacións accesorias do contrato do presente contrato previa a autorización expresa polo Órgano de contratación nos termos do RDL 3/2011. En calquera caso, recaerá sobre o concesionario a total responsabilidade da execución do contrato fronte á administración, con arranxo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares e aos termos do contrato.

Sección segunda.- Réxime económico do contrato

Cláusula 15. Gastos por conta do concesionario

Sen prexuízo do que se desprenda do resto das cláusulas deste Prego, serán por conta do Concesionario todos os gastos de persoal, materiais, enerxéticos, de maquinaria e de calquera outra índole ocasionados pola realización dos traballos definidos neste Prego.

Exclúense expresamente as inversión en remodelacións xerais, reposicións ou en obra nova que supoñan a reforma ou modificación substancial da estrutura das instalacións, que serán asumidos polo Concello. O contratista poderá presentar propostas de inversión ao Concello, quen, en función da dispoñibilidade de recursos e das prioridades que marque, poderá ou non acometer estas ou outras.

Os principais custos que deberá soportar o contratista serán:

1. Persoal que preste os seus servizos.
2. Mantemento preventivo e de corrección das instalacións.
3. Reparación de mobiliario e bens mobles, mantemento de vehículos e ferramentas.
4. Subministro de auga, luz, teléfono, produtos químicos e de limpeza.
5. Outros gastos derivados da explotación das instalacións como poden ser: comunicación, uniformidade, etcétera.
6. No seu caso, aluguer de oficina.

Cláusula 16. Gastos por conta do Concello

Serán por conta do Concello de Vedra os seguintes gastos correspondentes ao servizo:

1. Os correspondentes ao persoal que decida integrar na Dirección Facultativa do servizo.
2. Canon de vertidos á canle pública, no seu caso.
3. Os correspondentes a inversión en obras ou adquisición de equipos para mellorar ou ampliar as instalacións dos servizos cando a iniciativa sexa do propio Concello. A súa execución poderá encomendarse ao concesionario quen poderá financiarlo previo acordo co Concello sobre as compensacións a que terá lugar.

Cláusula 17. Retribución do concesionario

A retribución do concesionario estará integrada por:

1. As tarifas do Servizo vixentes en cada momento e que ao inicio do contrato serán: as establecidas nas Ordenanzas actualmente vixentes, que se incluírán no anexo 2 deste Prego.
2. As contribucións especiais que o Concello crera oportuno impoñer, nos casos de renovación ou ampliación das obras existentes.
3. O importe correspondente ás instalacións de contadores así como a súa retirada e das reparacións que non sexan consecuencia do seu uso normal, de acordo ao cadro de prezos unitario que para este tipo de traballos se aproben polo Concello.
4. O importe correspondente aos traballos de acometidas e ás súas reparacións.
5. Os prezos de mantemento de contadores aprobados polo Concello.
6. En xeral, o importe de calquera outro traballo que segundo o presente Prego deba realizar o concesionario con cargo aos abonados e de acordo aos cadros de prezos previamente aprobados polo Concello.
7. O premio de cobro pola recadación dos tributos que o Concello acorde incluír nos recibos que emita o concesionario.

O concesionario estará exento de calquera tributo municipal.

Cláusula 18. Tarifas do servizo e equilibrio económico da concesión

As tarifas do servizo serán as que aprobe en cada caso o Concello de acordo coa proposta feita polo concesionario no seu Estudo económico xustificativo do custo do servizo.

Durante o primeiro ano de concesión as tarifas do Servizo serán aquelas que figuran no anexo 1 do presente Prego de Condicións, e non se poderán revisar ata transcorrido un ano dende o inicio da concesión, sen prexuízo do disposto nos artigos 228,241 e 258 LCSP respecto da obriga do Concello de manter en todo momento o equilibrio económico do contrato, o cal ten lugar cando o concesionario, aplicado aos consumos facturados aos abonados as tarifas vixentes, cubre o conxunto de gastos derivados da prestación do

servizo, así como os gastos financeiros xerados polas inversións realizadas, permitindo ao concesionario a recuperación do capital investido ou as achegas realizadas por el e calquera outro concepto que conforme os custos dos servizos.

Cláusula 19. Mantemento do equilibrio económico

O Concello, de conformidade co establecido no Art. 127 do RSCL comprométese a manter, en todo momento, o equilibrio económico-financeiro da concesión. O equilibrio económico da concesión será o contido no acordo de adxudicación do contrato, á vista do establecido no presente Prego e na oferta do adxudicatario.

O Concello, de acordo co disposto no artigo 282 de RDL 23/2011 para os contratos de xestión de servizos públicos, deberá restablecer o equilibrio económico do contrato, nos supostos seguintes:

1. Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as características do servizo contratado.
2. Cando actuacións da Administración determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.
3. Cando causas de forza maior determinen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.

O restablecemento do equilibrio económico do contrato poderá consistir na modificación das tarifas a abonar polos usuarios, ou a modificación do prazo do contrato incluída na prórroga contractual nos termos establecidos no apartado 5 do artigo 282 do RDL 3/2011, así como en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Sección terceira. Obrigas e Dereitos do concesionario

Cláusula 20. Obrigas do concesionario

O concesionario terá como principais obrigas, as seguintes:

3. Prestar o servizo de Abastecemento de Auga, Rede de sumidoiros e Depuración nas condicións técnicas e de calidade previstas no presente Prego de Condicións, e coas melloras que resulten da súa oferta.
4. Prestar o servizo con continuidade, regularidade e xeneralidade, sen discriminación algunha, a partir da sinatura do contrato.
5. Correr cos gastos que orixine o normal funcionamento dos servizos de acordo co presente prego e adquirir todos os materiais e elementos necesarios para a posta en marcha dos Servizos nas condicións da concesión e polo seu correcto funcionamento, que reverterá ao Concello ao finalizar a concesión.
6. Abonar o canon ofertado dentro dos prazos establecidos no Prego.
7. Garantir a distribución de caudais.
8. Coidar da boa orde e da seguridade dos servizos segundo as condicións establecidas neste prego e na normativa sectorial aplicable.

9. Permitir que en calquera momento os responsables municipais poidan inspeccionar a construción das obras e instalacións, e a explotación do subseguinte Servizo.
10. Indemnizar polos danos que se causen a terceiros polo normal ou anormal funcionamento dos servizos, a non ser que o dano sexa producido por causas imputables á Administración ou por forza maior.
11. Executalas obras que, no seu caso, estean incluídas como obriga do concesionario no presente Prego de Condicións, con estrita subxección ao proxecto que ao efecto aprobe no seu día o Concello, no prazo e condicións que determine o plan de obras e sen outras modificación que as que se autoricen debidamente.
12. Acordada polo Concello calquera modificación dos servizos obxecto do contrato, o concesionario virá obrigado a levala a efecto nos termos e prazos determinados por aquel.
13. Cumprir as normas vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo.
14. Dar de alta a todos os seus empregados na Seguridade Social e accidentes de traballo, debendo exhibir ao Concello sempre que este o solicite, a documentación correspondente a tal requisito.
15. Cumprir as obrigas dimanadas das disposicións legais que sexan de aplicación á calidade bacteriolóxica da auga e en particular as obrigas que imponha o RD 140/2003, sobre criterios sanitarios da auga de consumo humano, ao concesionario.
16. Prestar o servizo d forma ininterrompida todos os días, e dispoñer dun servizo de atención de avarías 24 horas ao día.
17. Realizar as limpeza e demais labores de mantemento das instalacións do servizo conforme á súa oferta.
18. Deberá realizarse unha vez ao mes, unha limpeza da rede de sumidoiros pública e dos embornais, que deberán estar en perfecto estado.
19. Reparar con celeridade as avarías que se produzan nos diferentes elementos do sistema de abastecemento e na rede de distribución. O tempo de apertura de gábeas na vía pública será o mínimo imprescindible para efectuar a reparación, e o pavimento e os elementos afectados deberán quedar en perfecto estado unha vez acabada a mesma.
20. Manter subscrita unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade polos danos nas instalacións do servizo, sendo do seu cargo o pago das primas correspondentes.

Cláusula 21. Dereitos do concesionario

Serán dereitos do concesionario todos os que se deriven do presente prego e da lexislación vixente e en particular:

1. Percibir as retribucións que lle correspondan pola prestación do Servizo nas condicións que especificamente se determinan neste prego.
2. Utilizar todos os bens de titularidade pública que o Concello teña en cada momento afectados aos servizos públicos de abastecemento de auga, rede de sumidoiros e depuración.
3. Propoñer ao Concello aquelas modificacións que se consideren necesarias ou convenientes para mellorar a prestación do Servizo.

4. Obter unha compensación económica que permita manter o equilibrio económico e financeiro da concesión administrativa nos casos en que a lexislación o estableza.
5. Subcontratar obras, subministros e servizos a todos os efectos e sempre que se notifique ao Concello de acordo co previsto no RDL 3/2011.
6. Solicitar ao Concello que exerza a súa potestade de expropiación forzosa, imposición de servidumes e desafuzamento administrativo para a adquisición do dominio, os dereitos reais ou o uso dos bens necesarios para o funcionamento do servizo, sen prexuízo das facultades que a lexislación outorga ao concesionario como beneficiario da expropiación.
7. Ser respectado por terceiros na súa condición de concesionario, co apoio da autoridade municipal para acabar con toda perturbación ao desenvolvemento normal do servizo concedido.
8. Hipotecar a concesión, previa autorización do Concello, e nos termos previstos no RDL 3/2011.

Sección cuarta. Obrigas e dereitos do Concello

Cláusula 22. Obrigas do Concello

O concello terá as obrigas que se deriven do establecido nas cláusulas deste prego, e a lexislación vixente e debendo, en particular:

1. Revisar as tarifas ou artellar os medios que sexan oportunos para garantir en todo momento o mantemento do equilibrio financeiro da concesión de conformidade co establecido no Art. 127 RSCL.
2. Outorgar ao concesionario a protección adecuada no referente á prestación do servizo, amparándoo xudicialmente.
3. Facilitar os medios necesarios para a adquisición de dereitos ou uso de bens para o funcionamento do servizo.

Cláusula 23. Dereitos do Concello

O concello, como Administración concedinte, ademais dos dereitos e potestades que se deriven do que se establece nas cláusulas deste prego, e das obrigas inherentes aos dereitos que do contrato se derivan a favor do concesionario, ostentará entre outros os seguintes dereitos:

1. Percibir, no seu caso, dunha soa vez o canon variable estipulado previsto nas condicións establecidas no Prego.
2. Intervir e fiscalizar en todo momento a xestión do Servizo mediante o persoal que se designe ao efecto, a cuxos efectos poderá inspeccionar o Servizo, as obras, instalacións e locais afectos ao mesmo, así como a documentación relacionada coa concesión, e ditar as instrucións que fosen necesarias para manter ou restablecer a prestación do Servizo.
3. Recibir as instalacións do servizo que haxan de reverter á Administración concedinte á finalización do prazo da concesión fixado no presente Prego.

4. Establecer, previa audiencia do concesionario, as modificacións que conselle ao interese público en orde á prestación do servizo compensando economicamente ao concesionario polas que ordene introducir e que represente unha ruptura do equilibrio económico-financeiro da concesión.

Sección quinta. Intervención do servizo

Cláusula 24. Concepto, duración e alcance da intervención do servizo

De acordo co artigo 285 do RDL 3/2011, cando do incumprimento por parte do concesionario se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acordar a intervención do mesmo ata que aquela desapareza.

O concello poderá asumir temporalmente a prestación directa do Servizo total ou parcial nos seguintes supostos:

1. Cando o Servizo sexa perturbado por causas fortuítas ou de forza maior que o Concesionario non poida superar cos seus propios medios.
2. No caso de incumprimento das obrigas contractuais por parte do Concesionario que ocasionen unha perturbación do Servizo ou que causen lesións aos intereses dos usuarios ou do Concello.
3. A desobediencia por parte do Concesionario das disposicións da Corporación relativas á conservación de instalacións que poña en perigo a prestación do Servizo ou a seguridade dos usuarios.
4. A resistencia do Concesionario a efectuar as preceptivas reformas ordenadas pola Corporación, sempre que previamente se establecera a forma na cal dita execución non afecte ao equilibrio económico da Concesión.
5. Por infraccións do Concesionario que causen lesións á seguridade, á salubridade ou os intereses lexítimos dos usuarios do Servizo.

A intervención do Servizo manterase ata que desapareza a causa que a motivou, sen que en caso algún a súa duración poida ser superior aos 2 anos ou a unha terceira parte do prazo que reste para finalizar a concesión.

Sección sexta. Réxime de sancións

Cláusula 25. Infraccións

As infraccións cualificaranse de moi graves, graves ou leves, segundo as circunstancias concorrentes e , especialmente, atendendo ao menor ou maior prexuízo que con elas se cause ao funcionamento do servizo.

Cláusula 26. Infraccións moi graves

Serán aquelas que sexan consecuencia de actuacións dolosas e que comporten unha realización deficiente das inspeccións ou traballos esixidos polo Servizo e que inflúan

negativamente na vida útil das obras ou compoñentes das instalacións, ou reduzan o valor económico; tamén o serán as accións ou omisións dolosas que ocasionen perigo a persoas ou cousas, así como prexuízos evidentes para os usuarios.

Considéranse infraccións moi graves as seguintes:

- 1) O incumprimento das condicións de prestación do servizo establecidas no presente Prego, na oferta do adxudicatario e demais normativa aplicable, que produzan consecuencias prexudiciais graves na prestación do servizo aos usuarios ou ás instalacións adscritas ao mesmo.
- 2) Incumprimento polo concesionario da normativa en materia laboral e/ou de seguridade social e de prevención de riscos laborais de obrigado cumprimento.
- 3) O cobro de tarifas superiores ás aprobadas polo concello.
- 4) Ceder, subarrendar ou traspasar a totalidade ou parte dos servizos obxecto da concesión, baixo calquera modalidade ou título, sen autorización expresa do concello.
- 5) As interrupcións ou suspensións na prestación do servizo aos usuarios, salvo cando concorran circunstancias debidamente acreditadas de forza maior ou as previstas neste Prego, ou aínda, concorrendo, se non se cumpre o demais previsto neste Prego.
- 6) O incumprimento da obriga do concesionario de manter en bo estado de uso e conservación, os bens e instalacións adscritos ao servizo, sempre que mediase requirimento municipal para a reparación desta circunstancia, non atendido no prazo dun mes.
- 7) O incumprimento reiterado das ordes do Concello para a prestación dos servizos.
- 8) Falsear a información a subministrar ao órgano de control do Concello de conformidade co disposto no presente Prego de Condicións.
- 9) A inobservancia de normas, disposicións ou resolucións administrativas emanadas das autoridades sanitarias competentes na materia.
- 10) A demora no inicio da prestación do servizo cuxa xestión e explotación ten concedida.
- 11) As interrupcións ou suspensións na prestación dos servizos aos usuarios, que non estean debidamente xustificadas.
- 12) Dedicación do Servizo a usos diferentes dos mencionados na concesión sen previa autorización municipal.
- 13) Non admitir aos usuarios no Servizo, cando aqueles reúnan todos os requisitos necesarios para selo, excepto que o solicitante teña recibos pendentes de pago correspondentes a outros contratos.
- 14) O abandono do Servizo.
- 15) A reiteración de tres ou máis infraccións graves no período de seis meses.

Cláusula 27. Infraccións graves.

Consideraranse infraccións graves as seguintes:

- 1) O incumprimento da obriga de mantemento e conservación dos bens e instalacións adscritos ao servizo, salvo que tivese o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- 2) O incumprimento das condicións de prestación do servizo establecidas no presente Prego, na oferta do adxudicatario, e demais normativa aplicable salvo que tivesen o carácter de moi grave de conformidade co previsto no apartado anterior.
- 3) A obstrución polo concesionario do control e fiscalización que debe exercer o órgano de supervisión e control do Concello, cando non sexa cualificada de moi grave.
- 4) A inobservancia do establecido nos Pregos que rexen a contratación en canto ao libro de reclamacións a disposición do público e libro de inspeccións a disposición do Concello.
- 5) A falta de contratación de pólizas de seguro que garantan en contía suficiente as responsabilidades a que se refire este Prego.
- 6) O incumprimento polo concesionario dos períodos previstos no presente prego para a lectura dos consumos reflectidos nos contadores dos abonados ao servizo.
- 7) A expedición de recibos que non se axusten ás previsións do presente Prego ou Ordenanza de aplicación.
- 8) O atraso imputable ao concesionario na achega dos datos solicitados polo Concello, así como o incumprimento de remitir aos organismos competentes nos prazos aplicables, as informacións esixibles con carácter imperativo.
- 9) Non repoñer de inmediato ao seu estado orixinal, as obras realizadas na vía pública.
- 10) As infraccións na prestación do Servizo que o perturben ou o alteren gravemente no volume ou a calidade sen chegar á paralización.
- 11) A desobediencia por parte do Concesionario das disposicións da Corporación sobre a conservación das instalacións cando poña en perigo a prestación do Servizo ou a seguridade dos usuarios.
- 12) A resistencia do Concesionario a realizar actuacións preceptivas ordenadas pola Corporación.
- 13) As que acurten a vida útil das instalacións ou obras, ou reduzan o valor económico das mesmas.
- 14) Destinar as instalacións a usos diferentes aos especificamente sinalados no presente Prego sen a autorización do Concello.
- 15) A reiteración de dúas ou máis faltas leves no período de seis meses.

Cláusula 28. Infraccións leves

Consideraranse infraccións leves todas as demais faltas non cualificadas como moi graves ou graves e que supoñan incumprimento das condicións estipuladas no presente Prego, Ordenanza ou na oferta do adxudicatario, ou das que, para a mellor prestación do servizo imponha como obrigas accesorias a Alcaldía ou Delegación do Servizo, dentro das súas competencias, sempre que non representen un prexuízo económico para o concesionario.

Cando a infracción cometida transcenda o ilícito administrativo e presente os caracteres de delito ou falta, o Alcalde porá os feitos en coñecemento das autoridades xudiciais competentes.

Cláusula 29. Sancións

As infraccións cometidas polo concesionario sancionaranse como segue:

- 1) As infraccións moi graves serán sancionadas con multas dende mil euros (1.000,00 €) ata trinta mil euros (30.000,00 €), así como, se fora o caso, coa resolución do contrato, en conformidade coa regulación da cláusula seguinte.

Será competente para a imposición das multas por infracción moi graves o Pleno Municipal, previa audiencia do afectado, a proposta do Alcalde ou Rexedor delegado, en virtude do procedemento de sancións establecido pola Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e do Real Decreto 1398/1993, polo cal se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade de sancionar.

- 2) As infraccións graves serán sancionadas polo Alcalde-Presidente con multas de ata trescentos euros (300,00 €) por cada día que persista a infracción.

Será competente para a imposición da multa por infracción grave o Sr. Alcalde ou rexedor en quen delegue, previa audiencia do afectado, e a proposta do técnico municipal ou funcionario encargado da inspección do Servizo concedido, en virtude do procedemento de sancións que se derive da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e do Real Decreto 1398/1993, polo cal se aproba o Regulamento do procedemento polo exercicio da potestade de sancionar.

- 3) As infraccións leves serán sancionadas polo Alcalde-Presidente con, apercibimento e/ou multa de contía non superior a cen euros (100,00 €) por cada día que persistira a infracción.

Neste caso, o expediente administrativo limitarase á previa audiencia do concesionario, que poderá facer as manifestacións que estime oportunas no seu descargo.

O importe das sancións previstas neste Prego faranse efectivas polo concesionario no prazo de quince días a contar dende aquel no que a resolución adquira carácter de firme.

As sancións que se poidan impoñer polas infraccións que se regulan no presente capítulo non impiden, se a infracción ocasiona danos e prexuízos ao Concello, que este poida esixir a correspondente indemnización.

Sección sétima. Extinción da concesión

Cláusula 30. Causas de extinción

A concesión extinguirase por algunha das seguintes causas:

- 1) Polo seu cumprimento polo transcurso do período de tempo polo cal se outorgue a concesión, ou as súas prórrogas.

- 2) Por demora superior a seis meses por parte do Concello ao por a disposición do Concesionario os medios materiais afectos do Servizo, ou ben pola demora no cumprimento das súas obrigas económicas cara o Concesionario.
- 3) O rescate do servizo polo Concello de conformidade co disposto na sección oitava.
- 4) A supresión do servizo por razóns de interese público.
- 5) A imposibilidade da explotación do servizo por razóns de interese público.
- 6) Incumprimento das obrigas derivadas do contrato por causas imputables ao Concesionario, nos casos previstos no RDL 3/2011.

A extinción do contrato por esta causa, requirirá o trámite previo de audiencia ao Concesionario. A notificación que a estes efectos se lle envíe debe fixar as deficiencias concretas advertidas e debe determinar, de acordo coa natureza destas, un prazo que sexa suficiente para podelas emendar.

Neste suposto a extinción do contrato poderá declararse cando, transcorrido o prazo mencionado, non se corrixiran as deficiencias por causas imputables ao Concesionario.

A extinción da concesión por esta causa acordaraa o Pleno da Corporación e comporta a finalización do contrato, o conseguinte cese da xestión do Concesionario.

- 7) Por imposibilidade sobrevida na prestación non imputable ás partes.

Cláusula 31. Efectos da extinción

Ao extinguirse a concesión, sexa cal sexa a causa da mesma, a totalidade das obras e instalacións reverterán ao Concello en perfecto estado de conservación e funcionamento e libres de calquera clase de carga ou gravame.

O Concesionario obrígase a asegurar a continuidade do Servizo para o que se compromete a traspasar ao Concello, ou no seu caso ao novo xestor que o substitúa, a información, así como calquera outro medio ou ben material necesario para non interromper o Servizo no traspaso do mesmo.

Cando a extinción sexa consecuencia dunha causa imputable á Administración concedinte produciranse os efectos de indemnización que correspondan.

Sección oitava. Secuestro e Rescate da concesión

De conformidade co disposto no art. 287 RDL 3/2011, por necesidades de interese público, o Concello poderá acordar o rescate do Servizo para xestionalo directamente.

Non poderá iniciarse o expediente de rescate ata que, terminado o de municipalización, que se tramitará de acordo co establecido nos artigos 56 e 66 do RSCL, se determinase a forma de xestión directa que levará anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens afectados ao servizo.

Sección novena. Reversión das instalacións

Cláusula 32. Reversión das instalacións

De conformidade co artigo 283 do RDL 3/2011 cando finalice o contrato por calquera causa todas as instalacións afectadas ao Abastecemento de Auga Potable, así como as ampliacións, reformas e melloras que nelas se realicen, reverterán ao Concello.

Excepto naqueles supostos en que non sexa posible, 1 mes antes da finalización do contrato, o Concello designará un Interventor técnico que vixiará a conservación das obras e instalacións informando á Corporación sobre as reparacións e reposicións necesarias por tal de mantelas nas condicións previstas.

Dita reversión non implicará indemnización de ningunha clase por parte do Concello ao concesionario.

CAPÍTULO TERCEIRO. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Cláusula 33. Tramitación do expediente de contratación

O presente expediente de contratación tramítase de forma vixente, polo procedemento negociado sen publicidade ao concorrer os requisitos establecidos no art. 173 do RDL 3/2011 do 14 de Novembro.

En cumprimento do que dispón o artigo 169 do RDL 3/2011, a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas cos diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 178 do Rdl 3/2011, do 14 de novembro.

No presente prego determínanse os aspectos económicos e técnicos obxecto de negociación coas empresas.

Cláusula 34. Publicidade a licitación

A presente licitación non require publicación do anuncio por concorrer o suposto contemplado no artigo 177.2 do RDL do 3/2011 do 14 de Novembro.

Cláusula 35. Garantía provisional e garantía definitiva

Polas circunstancias concurrentes do contrato, non se establece importe algún en concepto de garantía provisional conforme ao art. 103 do RDL 3/2011.

A garantía definitiva fíxase nun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, que deberá constituíla o concesionario no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación da adxudicación.

Establécese un prazo de garantía dun ano, que empezará a contarse a partir do momento da finalización do contrato, pola causa que sexa.

O acordo de devolución adoptarase e será notificado ao interesado nun prazo superior a 6 meses dende a finalización do prazo de garantía. Transcorrido este prazo, a Administración deberá abonar ao contratista a cantidade endebedada incrementada co interese legal dos cartos correspondente ao período transcorrido dende o vencemento do citado prazo ata a data da devolución da garantía, se esta non se tivera feito efectiva por causa imputable á Administración.

Cláusula 36. Mesa de contratación

Neste procedemento contractual constituirase a Mesa de Contratación permanente do Concello.

Cláusula 37. Documentación que se facilitará aos licitadores

Dende o día da recepción das invitacións, as empresas interesadas poderán examinar en _____, r/ _____ CP _____ de _____, tel. _____, fax _____, os días laborables, a documentación que rexerá o presente procedemento. Dita documentación incluírá os seguintes documentos:

- O presente Prego de Condicións cos seus anexos.
- Contratos tipo.

Os licitadores poderán adquirir, ao seu cargo, copias da documentación mencionada.

Cláusula 38. Proposicións dos licitadores

As ofertas presentaranse no Concello (Avda. Mestre M. Gómez L, nº1 – 15885 – Vedra) en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar, e segundo o establecido nas presentes cláusulas e no correspondente anexo de prescricións técnicas.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando as ofertas se envien por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número de expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Rdl 3/2011, do 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A documentación presentarase en dous sobres pechados e lacrados. No exterior do sobre A deberá figurar o nome e apelidos ou razón social da empresa que presenta a proposición, NIF ou CIF, número de teléfono e, no seu caso, de fax, debendo estar asinados polo licitador ou persoa representante onde figurará a inscrición **PROPOSICIÓN PARA TOMAR PARTE NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NO CONCELLO DE VEDRA**

No exterior do sobre B, figurarán os mesmos datos que os indicados para o sobre A.

No seu interior farase constar, en folla independente, un índice do seu contido. Presentaranse documentos orixinais, copia compulsadas polo Secretario do Concello ou compulsadas ou legalizadas ante notario.

O referido sobre A conterá os seguintes documentos:

- 1) Declaración responsable do licitador na que afirme non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 49 da LCSP de Contratos do Sector Público, comprendendo esta declaración expresamente a circunstancia de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- 2) Documentos que acrediten a personalidade xurídica e a capacidade de obrar dos licitadores, xa sexan nacionais ou estranxeiros, na forma esixida no artigo 146 do RDL 3/2011.

A capacidade de obrar dos empresarios españois que fosen persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula o seu obxecto e actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. Deberá achegarse tamén o Código de Identificación Fiscal da empresa.

A demostración de dispor dos datos relativos á personalidade xurídica e á capacidade de obrar poderá realizarse mediante a certificación da inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, unha vez se encontre en funcionamento. Neste caso, o certificado que se aporte, deberá ir acompañado dunha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaran variación. Esta manifestación deberá reiterarse, en caso de resultar adxudicatario, no documento no que se formalice o contrato.

Se se trata dun empresario español individual, o Documento Nacional de Identidade ou outro documento que legalmente o poida substituír. A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea demostrarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán demostrar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

Se o licitador actúa a través de representante, acreditará a súa representación mediante escritura pública, que deberá estar validada ou compulsada polo Secretario do Concello.

Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta, cada unha demostrará a súa personalidade e capacidade na forma descrita anteriormente e achegarán un compromiso de constitución de unión temporal, con indicación dos nomes e circunstancias das persoas físicas ou xurídicas que a subscriban, a participación de cada un deles e designación da persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, ha de ostentar a plena representación de todas fronte á Administración.

3) Documentación acreditativa de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

O licitador demostrará a súa solvencia a través dun ou varios dos medios establecidos nos artigos 63 e 64 do RDL 3/2011 ou polos seguintes medios:

- Informes de institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

- Declaración sobre o volume global de negocios e ,no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondentes ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocios.
- Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables de control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.
- Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución do obxecto do contrato, á que se acompañará a documentación acreditativa pertinente.
- Indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario porá aplicar ao executar o contrato.

Se a mesa observase defectos ou omisións reparables na documentación presentada, notificaráello mediante fax aos licitadores, concedéndolles un prazo de tres días hábiles para que os candidatos corrixa ou reparen as deficiencias observadas.

A mesa, unha vez cualificada a documentación presentada e realizadas as correccións ou transcorrido o prazo que, no seu caso, se conferise ao efecto, procederá á apertura do Sobre B.

O referido sobre B conterá os seguintes documentos:

1) Proposición económica axustada ao seguinte modelo:

D., provisto do Documento Nacional de Identidade nº en nome propio ou en representación de, con domicilio en, e CIF nº, segundo acredita co poder validado que acompaña, recibida a invitación para participar no procedemento negociado que ten por obxecto a contratación do servizo de e informado dos pregos de condicións técnicas e económico administrativas e demais documentos do expediente, comprométese a realizalo con estrito cumprimento ao cadro de prezos seguinte, os cales inclúen o correspondente IVE:

1. Abastecemento:

1.1 Doméstico: cota fixa mensual: €

Consumo: ata 15 m³/ mes, cada m³ €

Máis de 15 m³/mes, cada m³ €

Máis de 30 m³/mes, cada m³ €

1.2. Industrial, comercial e obras: cota mensual €

Consumo: Por m³/ mes: €

Tarifa de sobreelevación: €

1.3. Acometidas

Conservación (incluída conservación contador): cota de €

Obra civil: Lonxitude de gabia de 1 a 5 metros (apertura, peche e reposición de pavimento):

Diámetro	Terra	Asfalto	Baldosa – beirarrúa
3/4” € € €
1”			
1 1/2”			

2. Rede de sumidoiros: (segundo cadro de prezos que propoña o licitador)

3. Depuración: (segundo cadro de prezos que propoña o licitador)

4. Gastos do primeiro establecemento: €

a) En caso de discrepancia entre o importe expresado en letra e o expresado en cifra, prevalecerá a cantidade consignada en letra, excepto que dos documentos que compoñen a proposición se deduza outra cousa.

b) Memoria da prestación do servizo.

c) Estudo económico xustificativo do custo do servizo e das tarifas propostas.

d) Plan de control sanitario da Auga Potable e control dos vertidos, no seu caso.

e) Melloras.

A proposición económica presentarase debidamente asinada por quen teña poder suficiente, podendo ser rexeitada conforme ao establecido no artigo 84 do R.G.C.A.P.

A mesa de contratación constituirase o terceiro día hábil despois da finalización do prazo de presentación das ofertas ás 12:00 horas, e cualificará a documentación administrativa contida no sobre A.

A mesa de contratación solicitará os informes técnicos que considere precisos para a cualificación da documentación presentada, e á vista de ditos informes, e en todo caso no prazo máximo de tres días hábiles, celebrará unha nova sesión na que se adoptará o acordo que proceda sobre a admisión ao concurso dos licitadores, procedendo, no seu caso, a excluír a aqueles cuxa solvencia non fose suficientemente acreditada.

O terceiro día hábil (excluídos, no seu caso, os sábados) posterior á apertura do sobre A, a Mesa constituirase novamente en acto público, ás 12:00 horas, a fin de realizar a apertura do sobre B no que se contén as referencias técnicas e a oferta económica daqueles licitadores que foran admitidos por ter presentado de modo correcto e completo a documentación do sobre A ou, no seu caso, a emendaran dentro do prazo de tres días hábiles a que se refire o parágrafo anterior.

CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E ADXUDICACIÓNS

De conformidade co artigo 151 do RDL 3/2011 o órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas, atendendo aos criterios de adxudicación sinalados no prego.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de dez días hábiles, presente a documentación xustificativa do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que comprometera dedicar ou adscribir á execución do contrato e de ter constituído a garantía definitiva.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, por orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 39. Criterios de adxudicación e de avaliación das ofertas

O contrato adxudicarase á Oferta que resulte máis vantaxosa.

Serán obxecto de negociación cos licitadores que concorren ao procedemento negociado:

1. O informe do Técnico, que servirá de xustificación á adxudicación, deberá fundamentarse en criterios regulamentados e uniformes, especificando se foron cumpridos por cada un dos licitadores e valorando o seu grao de cumprimento. Ditos criterios serán os seguintes:
 1. Oferta económica.
 2. Memoria da organización do Servizo, o seu mantemento e medios adscritos ao mesmo.
 3. Melloras técnicas.

Coa fin da valoración destes apartados, matizados en función da calidade dos estudos e propostas achegados, a súa coherencia co resto de documentación non técnica e o coñecemento específico da problemática hidráulica do concello, distribuiranse da seguinte forma:

A.- OFERTA ECONÓMICA

A oferta económica valorarase entre 0 e 51 puntos. Obterá 51 puntos aquela oferta que no seu conxunto propoña a mellor oferta económica, puntuando o resto de forma proporcional.

B.- MEMORIA DA ORGANIZACIÓN DO SERVIZO, O SEU MANTEMENTO E MEDIOS ADSCRITOS AO MESMO

Valorarase este aspecto entre 0 e 39 puntos, analizando as características das ofertas tendo en conta os seguintes aspectos:

- Grao de definición e xustificación da oferta: Adaptación ao prego de bases, documentación presentada, grao de definición, claridade e coherencia nas solucións ofertadas, suficiente xustificación das variacións introducidas: 9,75 puntos.

- Calidade da organización do servizo: idoneidade e coherencia dos traballos e actividades que tendan a asegurar a calidade do mesmo. Idoneidade dos recursos humanos e medios materiais asignados aos diferentes traballos: 9,75 puntos.
- Organización do mantemento: programa de mantemento preventivo e organización do mantemento correctivo. Idoneidade dos recursos humanos e medios materiais asignados aos traballos de mantemento: 9,75 puntos.
- Implantación de ISO 9001 – 2000: 9,75 puntos.

C.- MELLORAS TÉCNICAS

Valorarase este aspecto de 0 a 10 puntos, considerando as características das ofertas de acordo cos seguintes apartados:

- Proposta de melloras a cargo do adxudicatario, sobre as instalacións que redunden nun maior rendemento do servizo de depuración, ou redución de consumo de reactivos, enerxía, etcétera: 5 puntos.
- Control analítico. Definición do tipo e periodicidade das análises que se realizarán: 5 puntos.

CAPÍTULO CUARTO. DA ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

Sección primeira. Instalacións do servizo

Cláusula 40. Instalacións do servizo

As instalacións que integran a infraestrutura actual do Servizo e que se poñen a disposición do Concesionario para a súa prestación, son descritas no Anexo [...] do presente Prego de Condicións.

Calquera obra ou instalación que poida pasar a formar parte do abastecemento ou saneamento durante o período de vixencia do contrato, incluírase no obxecto do contrato.

Cláusula 41. Utilización das instalacións do servizo

As instalacións do ciclo integral descritas no Anexo I, utilizaranse para o subministro das necesidades do concello de Vedra cos caudais dos que se dispoña, achegados polo Concello.

O Concesionario non poderá subministrar auga procedente destas instalacións para o subministro fóra do Concello, excepto que o Concello así o autorice de forma expresa.

O Concello confire ao Concesionario o dereito, durante a vixencia do contrato, a utilizar as instalacións existentes e futuras que se incorporen ao Servizo, recoñecéndolle as facultades de xestión que constitúen a finalidade deste contrato.

O Concello, habilitará os medios executivos correspondentes para a utilización do procedemento de expropiación forzosa, imposición de servidumes e desafiuzamento administrativo para a adxudicación do dominio, dereitos reais, ou uso de bens necesarios para o axeitado funcionamento do Servizo.

Igualmente facilitará os medios precisos para a adquisición de dereitos ou uso de bens polo funcionamento do Servizo.

Cláusula 42. Orixe, calidade e cantidade de auga a subministrar

A auga a subministrar aos usuarios provirá das captacións adscritas ao servizo, así como das que nun futuro poida o Concello contratar ou adquirir en propiedade, debéndose, no seu caso, restablecer o equilibrio económico se se vise afectado.

O concesionario debe asegurar a distribución da auga dentro dos volumes percibidos e das instalacións que se poñen á súa disposición, garantindo o seu correcto aproveitamento.

O concesionario obrígase a que a calidade da auga que se distribúa cumpra coas condicións establecidas no Real Decreto 140/2003, e demais disposicións que se diten en materia sanitaria, sen prexuízo das especialidades que puideran establecerse na normativa autonómica.

Cando a calidade das augas brutas non cumpra coa calidade esixida para a súa distribución, o adxudicatario deberá informar ao Concello de tal circunstancia, propoñendo as solucións que ao seu xuízo deban adoptarse, e cumprindo en todo momento coas medidas previstas para cada caso no correspondente protocolo de autocontrol presentado ante a autoridade sanitaria competente.

Cláusula 43. Explotación do servizo e conservación das instalacións

O concesionario terá ao seu cargo as obras e instalacións municipais de Abastecemento de Auga Potable, Rede de sumidoiros e Depuración do Concello de Vedra, sendo responsable do seu bo funcionamento e conservación.

Nesta orde, as operacións de conservación e mantemento comprenden:

- 1) O mantemento en bo estado de funcionamento, do conxunto de todas as instalacións e obras que se lle entregan.
- 2) Vixilancia e control das instalacións que conforman os servizos de abastecemento de auga potable.
- 3) A manobra periódica e verificación do bo funcionamento de chaves, válvulas, bocas de rega, de lavado e de rego, etcétera, reparando as deficiencias que se observen.
- 4) A busca, localización e reparación pola súa conta de escapes e fugas.
- 5) A limpeza de todos os condutos da rede de sumidoiros, polo sistema de inxección de auga a alta presión, mediante mangueiras, tobeiras axeitadas, coa frecuencia necesaria para o seu bo funcionamento e desatoamento de calquera obstrución que se produzan nos condutos da rede.

- 6) O baleirado dos produtos sólidos ou semisólidos acumulados nos embornais, pozos de rexistro e fosas sépticas coa frecuencia que requira o seu bo funcionamento.

Serán por conta do concesionario todos os gastos derivados da xestión e explotación do servizo, de acordo co establecido no presente Prego.

Entre estes gastos enténdense incluídos todos aqueles derivados do mantemento de todas as instalacións e as renovacións de bens mobles e inmobles que sexan necesarios por desgaste destes, así como aquelas adquisicións de bens mobles e subministros que sexan necesarios para prestar o servizo de acordo coas estipulacións deste Prego e a oferta do adxudicatario.

Serán por conta do Concello as obras que se deban realizar para eliminar fendas, e outras alteracións importantes de obra civil, xa sexan debidos á propia obra realizada ou a causas estrañas, debendo informar ao Concesionario de calquera anomalía ao respecto, así como a reposición dos elementos debido á finalización da súa vida útil.

Se se presenta algúns dos problemas a que se refire o parágrafo anterior, o Concesionario presentará un informe realizado polos seus Técnicos, sobre posibles causas, medidas e solucións que sexa preciso adoptar.

O Concello, se o estima conveniente, constituirá unha partida de amortización das instalacións con cargo á cal se realizarán as renovacións das instalacións, é dicir, aquelas que teñan superado o período de amortización legal, con cuxo obxecto se realizará un inventario das instalacións antes do inicio do Servizo, realizado conxuntamente polo Concesionario e a Administración.

Cláusula 44. Obras de ampliación e renovación

Se as instalacións quedaran insuficientes, o Concesionario haberá de informar ao Concello coa necesaria anticipación, a fin de que poida efectuar o correspondente estudo de ampliación.

As obras de ampliación e renovación do abastecemento, rede de sumidoiros e depuración municipal son de exclusiva competencia municipal, estando o Concesionario obrigado a participar na súa execución e financiamento, total ou parcialmente, a vontade do Concello, sempre que previamente se considere a forma mediante a cal o Concesionario poida recuperarse da inversión realizada durante a vixencia do contrato ou algunha das súas prórrogas.

No caso de que as obras as execute o Concesionario, directamente ou a través de outro, na súa execución observaranse as prescricións previstas no presente Prego para a execución de obras.

O Concesionario comunicará ao Concello, cada vez que proceda, as previsións referentes á evolución do Servizo, tales como aumentos de consumo xeral, que xustifiquen a ampliacións das captacións ou das conducións existentes, o establecemento doutras novas ou a ampliación da rede de distribución e instalacións do abastecemento de auga potable.

En casos así, redactaranse os oportunos proxectos polos técnicos designados ao efecto polo Concello, de maneira que unha vez aprobados polo Órgano competente do Concello, se programe a súa execución e realización, segundo as formas previstas pola lexislación vixente.

O Concesionario a través da Comisión de Seguimento do Servizo, informará ao Concello con antelación suficiente, das necesidades do Servizo, para que se poidan arbitrar as solucións económicas necesarias para solucionar o problema, e a participación do Concesionario no custo das obras cando proceda.

O Concello decidirá en todo caso as fases de execución das obras que se aproben.

Os informes do Concesionario non serán vinculantes, aínda que si preceptivos, para o concello.

Cláusula 45. Uso da vía pública

O Concello outorga ao Concesionario, o dereito a ocupar a vía pública, instalar conducións e realizar as intervencións e reparacións que sexan necesarias para un axeitado funcionamento dos servizos de abastecemento, rede de sumidoiros e depuración, estando exento o concesionario dos tributos que puidesen percibirse en concepto de ocupación do solo ou do subsolo, apertura de gábeas e exploracións ou similar.

En todo caso o Concesionario estará obrigado a deixar en perfecto estado a vía pública tras cada actuación.

Cláusula 46. Planos de redes

O concesionario deberá ter actualizados os planos das redes de distribución de Auga Potable, Rede de sumidoiros e Depuración a escala 1:2000 que lle facilite o Concello. Neles figurarán as dimensións e situación das tubaxes, válvulas, pozos, cámaras de descarga, etcétera. Estes planos conservaranse nas oficinas do servizo e entregárase unha copia ao Concello.

Cando se fagan rectificacións ou ampliacións de certa importancia, o Concesionario entregará ao Concello unha nova copia que recolla estas ampliacións ou rectificacións e, en calquera caso, cando sexa solicitada polos Servizos Técnicos Municipais.

Cláusula 47. Obras necesarias para atender a novos subministros e á expansión da rede de distribución

Na extensión e ampliación das redes de distribución de Auga Potable, Rede de sumidoiros e Depuración procederase da seguinte forma, segundo os casos:

- A. Petición de subministro polo promotor dun inmovible: o concesionario tendo en conta as características da petición formulada, confeccionará o orzamento

correspondente, no que se terá en conta a posible ampliación das redes existentes polas necesidades deste novo subministro de auga potable e/ou rede de sumidoiros.

O importe do mesmo deberá ser satisfeito polo promotor, previa aprobación do orzamento polo mesmo e o traballo realizado polo concesionario conforme ás disposicións vixentes aplicables en cada momento.

Deberase confeccionar, a tal fin, un Cadro de Prezos que deberá ser aprobado polo Concello.

- B. Implantación das redes de distribución de auga e de depuración en zonas de nova urbanización ou ampliación das existentes: Cando o Concello pretenda realizar implantacións de novas redes e instalacións ou modificacións das existentes, que revertan ao Servizo Municipal de Auga Potable e Depuración, obxecto do presente Prego, dará conta ao concesionario, para que emita informe da condición peculiar das futuras redes e a súa posible incidencia no custo da explotación.

En caso de que as ampliacións non as execute o concesionario, realizaranse baixo a supervisión deste, debendo o contratista realizar a rede de acordo coas especificación de calidades de materiais, seccións, probas de calidade e instalación que lle indique o concesionario, coa fin de que poidan ser recibidas, unha vez terminado o prazo de garantía.

Os entroncamentos para a conexión ás redes actuais do servizo serán executados polo concesionario do servizo e a cargo do promotor ou contratista, así como as acometidas correspondentes para os usuarios.

Confeccionarase un cadro de prezos unitarios aprobados polo Concello. O concesionario presentará ao Concello, cada vez que sexa necesario, solicitude xustificada de prezos de conexións de servizo, que deberá ser aprobada polo Concello nun prazo de dous meses, e de non recaer reprobación expresa no prazo mencionado, considerárase aprobada por silencio administrativo.

Sección segunda. Organización do servizo

Cláusula 48. Continuidade do servizo

O Concesionario prestará o servizo sen interrupcións garantindo a dispoñibilidade permanente aos abonados.

Eventualmente, poderá interromperse o servizo nos caso que se indican a continuación:

- 1) Debido a reforzos ou ampliacións das redes e instalacións de acometidas avisando, polo menos, con dous días de anticipación, a través dos medios de comunicación existentes no Concello.
- 2) Para atender á reparación urxente de avarías nas instalacións. Neste caso, o concesionario deberá avisar ao Concello coa maior brevidade posible.

- 3) Cando resulte inviable a adquisición de caudais suficientes para o abastecemento.

En calquera caso, cando se teñan que realizar traballos que necesiten interrupción do subministro, o Concesionario procurará, con todos os medios que teña ao alcance, que o número de abonados sen subministro sexa o máis reducido posible, así como realizar os traballos coa maior rapidez posible, con tal de limitar a interrupción do subministro ao mínimo de tempo imprescindible.

Cando se produza a suspensión do subministro especificada no punto 2) por un período de tempo previsible superior ás cinco horas, e en todos os casos mencionados no punto a), o Concesionario deberá de informar aos usuarios afectados mediante anuncios na prensa, a través da emisora local ou da forma que en cada momento resulte máis útil e práctica.

Cláusula 49. Persoal do servizo

O concesionario poñerá á fronte do servizo, ao seu cargo, o persoal técnico necesario e con experiencia para facer fronte á responsabilidade que entraña un servizo Público, e como mínimo un Técnico de Grao medio ou superior como Xefe do Servizo, e un administrativo a tempo parcial.

Cláusula 50. Oficinas do servizo

O Concello achegará a oficina para a atención e relación cos usuarios do servizo no concello de Vedra. Por tanto só correrá por conta do concesionario os custos derivados da luz, teléfono e outros subministros, así como o material necesario para a súa posta en funcionamento.

Os días e horarios de atención ao público propoñaos o licitador na súa oferta, dentro da memoria de organización do servizo, podéndose variar mediante acordo mutuo entre as partes e en función das necesidades do servizo.

Sección terceira. Prestación do servizo

Cláusula 51. Contratación de subministro

O Concesionario está obrigado a subministra auga nas condicións regulamentarias establecidas, e sempre que previamente se realizara o enlace coa rede de distribución por conta do solicitante do subministro así como o pago das taxas e fianzas que o Concello teña estipuladas en cada momento.

Cláusula 52. Relacións cos usuarios do servizo

Con respecto aos usuarios do servizo o concesionario coidará:

- 1) Das relacións cos promotores e usuarios que desexen un futuro subministro, unha vez solicitada a alta no Concello.
- 2) Da contratación do subministro a todos os usuarios do Servizo.
- 3) Da posta ao día e mantemento dun ficheiro de usuarios, no que farán constar as características de cada subministro, que terá que estar sempre a disposición do Concello.
- 4) Da lectura dos contadores.
- 5) Da confección dos padróns e recibos sobre a base das tarifas do servizo que lle sexan comunicados oficialmente polo Concello.
- 6) Do cobro dos recibos en período voluntario.
- 7) Da correspondencia aos usuarios. O adxudicatario deberá informar ao concello das particularidades das relacións cos usuarios principalmente no referente a reclamacións, que serán resoltas en última instancia polo Concello.
- 8) Da instalación e subministro de acometidas por conta dos usuarios.
- 9) Do corte de subministro, unha vez cumpridos os requisitos legais vixentes en cada momento.
- 10) O concesionario terá a disposición dos usuarios un libro de reclamacións, selado polo Concello.

Estas relacións estarán reguladas nas normas dos Regulamentos e Ordenanzas do servizo Municipal de Abastecemento de Auga Potable e Depuración. É por iso que os licitadores propoñerán nas súas ofertas, dentro da memoria de organización do servizo, a redacción dun regulamento do servizo municipal de abastecemento e saneamento, que servirá de base para a súa posterior aprobación polo Concello. Igualmente propoñerán a redacción dun modelo de contrato de subministro, a utilizar nas súas relacións cos abonados.

Cláusula 53. Conexións de servizo

Enténdese por conexión de servizo, o ramal que, partindo da rede de distribución, conduce a auga ao interior dos inmobles. Inclúe desde a conexión á rede, ata a chave de paso situada na beirarrúa ou fachada do inmovible.

Estas conexións serán instaladas polo concesionario.

Os gastos de colocación de ditas conexións serán por conta dos abonados, aos prezos abonados polo concello, a instancias do concesionario.

Cada conexión terá unha chave de paso á entrada do terreo. O contador colocarse fora da vivenda, segundo as disposicións do Regulamento Municipal do Servizo.

En edificios múltiples, os contadores deberán ser instalados sobre batería, en lugar de fácil acceso.

Cláusula 54. Contadores

Os contadores, que servirán para medir os caudais consumidos, serán subministrados polo concesionario no momento en que se firme o contrato de abono, e o abonados será o propietario.

Cláusula 55. Petición de subministro e instalación de contadores

Os contratos de subministro de auga potable serán realizados polo concesionario segundo o modelo aprobado polo Concello. O contrato de abono farase por duplicado; sendo un exemplar para o abonado e outro, para o concesionario, a disposición de calquera requirimento do Concello.

O concesionario realizará a contratación cos usuarios do servizo de forma unitaria, e a póliza correspondente amparará a subministración a cada vivenda ou local comercial independente.

O contrato de subministración unicamente poderá subscribirse cando foran realizados os traballos de conexión e extensión da rede, se resultase necesario, acordados segundo o caso.

No momento da contratación da subministración, o concesionario percibirá dos abonados os prezos por dereitos de conexión vixentes en cada momento de conformidade coa Ordenanza Fiscal aplicable, que serán liquidadas ao Concello do modo que determine a Intervención Municipal e que, polo tanto, non se consideran como ingresos do concesionario.

O contador ou aparato de medida de caudais corresponderá aos tipos aprobados pola Delegación de Industria e deberá estar debidamente verificado, será de propiedade do abonado e se subministrará no momento de subscribir o contrato, de forma que o concesionario poida realizar a súa colocación, por conta do abonado.

Cláusula 56. Confección e cobro de recibos

O concesionario deberá confeccionar, coa periodicidade fixada no Regulamento ou na Ordenanza, os recibos ou facturas cos importes do servizo prestado.

As cantidades a facturar resultarán de aplicar as tarifas vixentes dos servizos, aos caudais rexistrados na lectura, habida conta dos mínimos de consumo ou das cotas de servizo existentes.

Incluíranse nestes recibos os impostos legais existentes en cada momento.

Cláusula 57. Instalacións e Consumos municipais

O Concello facilitará ao inicio da concesión unha relación de edificios e servizos aos que asigna carácter municipal.

Todos os edificios ou dependencias municipais, así como piscinas, rego de rúas, xardíns e de zonas deportivas, gozarán de exención no pago dos servizo de subministro de abastecemento.

Os subministros ao Concello e as súas dependencias realizaranse mediante contador.

En canto ás novas acometidas a edificios municipais, fontes públicas, bocas de incendio e de rego municipal e contadores de obras de promoción municipal, non se cobrarán dereitos de conexión, pero si os gastos de acometida e contador.

As bocas de incendio estarán precintadas e só poderán usalas, en caso de sinistro, os membros do persoal correspondente ou do propio servizo.

Corresponde ao concesionario a conservación das bocas de rego existentes e dos que poidan colocarse nun futuro.

CAPÍTULO QUINTO. DISPOSICIÓN FINAIS

Cláusula 58. Formalización do contrato

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte ao de recepción polo adxudicatario definitivo da notificación da adxudicación definitiva. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos, e debendo entregar ao órgano de contratación a primeira copia do mesmo. Dentro deste prazo o adxudicatario deberá xustificar a constitución da fianza definitiva, o cumprimento do preceptuado no presente Prego e a achega do resto dos documentos legalmente esixibles.

O documento no que se formalice o contrato, que conterá como mínimo as mencións sinaladas no artigo 71 do RGLCAP, será en todo caso de natureza administrativa, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato, declararase resolta a adxudicación, previa audiencia do interesado.

Cláusula 59. Gastos do contrato

Serán por conta do contratista os gastos a que se refire esta licitación e os demais gastos que, sendo lexítimos, teñan relación co expediente deste contrato, dende o seu inicio ata a formalización do mesmo.

Cláusula 60. Protección do servizo

O Concello outorgará ao concesionario a protección axeitada no que se refire á prestación do servizo amparándoo xuridicamente.

Igualmente facilitaralle os medios precisos para a adquisición do dominio, dereitos reais ou uso de bens necesarios para o funcionamento dos servizos obxecto deste contrato.

Cláusula 61. Continuidade do servizo

O concesionario quedará obrigado co Concello a continuar prestando servizo unha vez finalizado o prazo de concesión, ata que non teña lugar unha nova adxudicación ou se resolva prestalo por outro sistema ou forma de xestión. Durante este período, serán de aplicación as mesmas normas que se establecen no presente Prego de Condicións.

Cláusula 62. Interpretación do contrato

O Concello ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, sen prexuízo da obrigada audiencia ao contratista.

Cláusula 63. Resolución de controversias

As cuestión litixiosas que poidan derivarse desta concesión serán resoltas polo órgano de contratación cuxos acordos poñerán fin á vía administrativa podendo ser impugnados mediante recurso contencioso – administrativo ante os Xulgados e Tribunais competentes por razón de materia, con xurisdición no Concello de Vedra.

ANEXO 1

1. DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO

Depósito de 1.000 m³ de capacidade, ao que chega a auga dende o Concello de Boqueixón (compra da auga en alta)

2. DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS DE SANEAMENTO

A poboación de deseño da EDAR de Vedra é de 1.000 habitantes equivalentes, cun proceso de depuración que consiste no seguinte:

- Desbaste
- Desareador – desengraxante
- Reactor biolóxico mediante oxidación
- Clarificador secundario
- Almacenamento de lamas

Por outra parte para o bombeo das augas residuais á EDAR dende zonas baixas existen 3 bombeos en funcionamento na actualidade:

- Bombeo Aldea Grande
- Bombeo Reboredo
- Bombeo do Río

ANEXO II

ORDENANZA FISCAL Nº 13

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS

FUNDAMENTO E NATUREZA

Artigo 1:

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, regulador das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa de REDE DE SUMIDOIROS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2:

1. Constitúe o feito imponible da Taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á Rede de Sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal.

2. Non estarán suxeitas á Taxa as fincas derrubadas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de predio ou terreo, sempre que non fagan uso da rede de sumidoiros.

3. Só se permitirá o verquido á rede de saneamento de auga procedente do consumo doméstico, comercial ou industrial, con fins non productivos e que non conteña substancias prohibidas.

4. Os titulares aboados ao servizo serán os responsables do verquido de augas, líquidos, materias e substancias perigosas ou nocivas para a saúde e o medio natural que estean expresamente prohibidas pola lexislación vixente, e tamén serán os responsables dos danos ocasionados á rede ou ás instalacións de tratamento das augas residuais.

SUXEITO PASIVO

Artigo 3:

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que sexan:

a) Cando se trate da concesión da licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios destes servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufructuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, que poderá repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

RESPONSABLES

Artigo 4:

1. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 5:

A cota desta Taxa, será a que figura na seguinte:

TARIFA

	€/ano
Vivendas	33,00
Transformador compañía eléctrica, despachos profesionais, academias de ensinanza, perruquerías, tabernas, bares, hospedaxes, casas de comida, hamburgueserías, garaxes comunitarios, comercios de venda por xunto, talleres de motocicletas e bicicletas, electrodomésticos, cortes, superficies comerciais, talleres (mecánicos, chapa, pintura, eléctricos, etc.), hoteis, sociedades de recreo, auto-escolas, xardíns de infancia e parvularios, cafe-bar, clínicas, cafeterías, restaurantes, colexios, barras americanas, pubs, churrascos, locais de asociacións comerciais e profesionais, lavado e engraxe de vehículos, estacións de servizo, bancos e caixas de aforro, fornos de pan e obradoiros, liñas regulares de viaxeiros, salas de xogo, discotecas, talleres xerais do automóbil, Industrias, bingos, salas de festa. Os locais baldeiros terán unha redución desta tarifa do 50%.	54,00
Outros non contemplados nos anteriores epígrafes	42,00

ACOMETIDAS

1. A instalación da acometida á rede de saneamento efectuarase polo Concello ou pola empresa
2. adxudicataria, cumprindo as condicións técnicas aprobadas, sendo por conta do titular da licenza o custo dos traballos da conexión, que serán os vixentes no cadro de prezos aprobado polo Concello.
3. Ningún titular poderá manipular a rede municipal de saneamento, agás o persoal do Concello ou da empresa adxudicataria.
 3. Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Concello que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas nas que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cen metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida a rede.

EXENCIONES E BONIFICACIONES

Artigo 6:

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente Taxa, que non veña establecida en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

DEVENGO

Artigo 7:

1. Devéngase a Taxa e nace a obrigaçión de contribuir cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
- b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da Taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.
- c) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede.

LIQUIDACIÓN E INGRESO

Artigo 8:

1. Cando se presente a solicitude de licenza de acometida, liquidarase e esixirase a Taxa correspondente en calidade de depósito previo.
2. Se se realiza a acometida sen mediar solicitude procederase a liquidar e notificar esixíndose o ingreso nos prazos previstos no artigo 20 do Regulamento Xeral de Recadación, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.
3. Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta Taxa, acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (padrón, censo, matrícula, etc.)
4. O outorgamento da licenza solicitada non terá efecto se non se acredita o pagamento das taxas municipais, e do custo da instalación e conexión á rede á empresa adxudicataria, segundo o cadro de prezos de aplicación aprobado polo Concello.
5. Cando a Taxa se exaccione por padrón esixirase no período sinalado na tarifa, ou no seu caso, no que acorde o Alcalde ou Xunta de Goberno e o ingreso efectuarase no prazo previsto no artigo 20 do R.G.R. para os valores recibo
6. Os ingresos efectuarase na Tesoureiría Municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente.
7. Poderá repercutirse no importe da facturación ás taxas ou impostos autonómicos ou estatais, que legalmente sexan de aplicación.

INFRACCIÓNS E SANCIONES

Artigo 9:

Nesta materia estarase ó disposto no artigo 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA.- DECLARACIÓN DE ALTA

Os suxeitos pasivos do contribuínte formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da Taxa e surtirán efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración ou obtención da LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN. As cantidades esixibles liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polo período natural de tempo sinalado na TARIFA.

SEGUNDA.- DECLARACIÓN DE BAIXA

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da Taxa e surtirá efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día***, entrará en vigor o día ***, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ORDENANZA FISCAL Nº 20

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO ABASTECIMENTO DE AUGA.

Artigo 1. Fundamento e réxime.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da constitución e polo artigo 106 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 Rdl 2/2004 do 5 de marzo regulador das facendas locais, este concello establece a taxa polo subministro de augas que se rexerá pola presente ordenanza fiscal que atende ó previsto no artigo 57 do citado Rdl.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación do servizo da distribución de auga potable a domicilio, ou enganche de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores en beneficio dos inmobles situados no termo municipal.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.-

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35 da lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados polos servizos a que se refire esta ordenanza.

Terán consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte ocupante das vivendas ou locais, o propietario dos inmobles quenenes poderán repercutir as cuotas satisfeitas sobre o beneficiario do servizo.

Artigo 4. Responsables.-

1 1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización dunha infracción tributaria, así como os copartícipes ou cotitulares das entidades recollidas no artigo 42 da lei xeral tributaria.

2 2. Serán responsables subsidiarios os administradores ou liquidadores de quebras concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinale o artigo 43 da lei xeral tributaria

Artigo 5. Base imponible e cota tributaria .-

A base imponible estará constituída por:

1 1. As acometidas á rede xeral : o feito da conexión á rede por cada local comercial e vivenda individual .

2 2. No subministro ou distribución de augas: os metros cúbicos de auga consumida no inmoble onde estea instalado o servizo

3 1

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a fixada nos seguintes tarifas para o exercicio 2012, revisable anualmente.

ABASTECIMIENTO:

1.- Doméstico:

- Cota fixa mensual 3,87
 euros

Consumo:

- Ata 15 m3 ó mes, cada m3	0,39
	euros
- Máis de 15 m3/ mes, cada m3	0,86
	euros
-Máis de 30 m3/ mes, cada m3	1,12
	euros

2.- Industrial, comercial e obras: : cota fixa mensual 5,18 euros

Consumo:

Por m3/ mes : 0,59 euros

Tarifa de sobreelavción; 0,00 euros

3.- Acometidas

Conservación (incluída conservación contador): cota de 0,83 euros

Obra Civil: arqueta e lonxitude de zanja de 1 a 5 mts
(apertura, cerre e reposición de pavimento)

Diámetro	Terra	Asfalto	Baldosa- acera
----------	-------	---------	----------------

3/4"	302,74	339,70	371,31
1"	321,68	365,18	387,50
1 1/2"	354	394,27	432,29
2"	390,14	428,52	468,43

*Todos os prezos veranse agravados co IVE correspondente.
Acometidas de máis de 5 mts farase un presuposto para cada caso*

Altas de contrato:

As taxas de alta a aboar no momento da sinatura do contrato establécense nas seguintes cantidades dependendo do tipo de abonado:

- *Naves industriais ubicadas en polígonos industriais...1.000,00 euros/ud.*
- *Promotores de dúas ou máis vivendas unifamiliares...500,00 euros/vivenda*
- *Promocións de vivendas colectivas....500,00 euros/ud.*

Artigo 6. Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir no momento de prestarse o servizo previa a correspondente solicitude ou dende que se utilice este sen ter obtida a previa licenza , debendo depositarse previamente o pagamento correspondente ó enganche.

A obriga do pagamento da taxa establécese da forma seguinte:

- 1 - *taxa de conexión, antes de efectuarse a conexión e entenderase como taxa única e definitiva.*
- 2 - *Taxa por consumo dende o momento no que se inicie a prestación do servizo e a súa facturación e cobramento , efectuarse con periodicidade bimensual.*

O abono do prezo de dita taxa efectuarase no momento da presentación, ó obrigado a realizalo, da correspondente factura. O non pagamento de tres facturacións consecutivas será motivo suficiente para corta-lo suministro de auga ó obrigado moroso.

Artigo 7. Depósito previo

Os peticionarios do subministro suscribirán o documento de alta e ingresarán na Tesourería Municipal ou na Entidade Colaboradora que o Concello sinala, un depósito previo ou fianza polo importe que corresponda dos seguintes:

<i>-Vivendas e locais sen actividade.....</i>	<i>35,00 euros</i>
<i>-Establecementos comerciais.....</i>	<i>106,00 euros</i>
<i>-Establecementos de hostelería.....</i>	<i>200,00 euros</i>
<i>-Solicitudes de aboados en tarifa industrial, obras de nova construción</i>	<i>645,00 euros</i>
<i>-Solicitudes de aboados en tarifa industrial, obras de reparacións (obras menores).....</i>	<i>100,00 euros.</i>

Os depósitos así constituídos imputaranse ao pago dos recibos pendentes na data en que o abonado solicite a baixa no servizo; se a cantidade depositada excedese, reintegrarase oa interesado.

Artigo 8. Medicións e cálculo de consumo.

Para a determinación dos consumos durante o período fixado en trimestres naturais, efectuaranse as medicións mediante os aparatos contadores a que se refire o regulamento do servizo. No caso de que se produciran consumos mensurables no contador do inmovible, sen ter sido solicitado o alta no servizo, imputaranse todos os consumos que rexistre o contadro dende o comenzo do seu funcionamento ou dende a

baixa do anterior aboado, ó trimestre en que se formalice a alta de abono, aplicándose as tarifas vixentes para o período no que se formalice a alta.

Para o suposto que se produzan utilización de servizo sen contador, o cálculo dos consumos fixaranse en función da media do consumo que resulte nun período de seis meses posterior á instalación do contador, sen prexuízo das sancións ou dos recargos legalmente establecidos sobre a cota resultante.

Nos casos de leiras cuxo contador estivera parado, avariado ou retirado polo abonado, durante o tempo que permaneza nesta situación, facturarase o equivalente á media do consumo rexistrado nos últimos catro períodos trimestrais anteriores á avería, paro ou retirada nos que o contador funcionou normalmente e, como mínimo, facturarán os seguintes consumos:

Abonados domésticos: 30 m³, no trimestre no que se produza a avería, paro ou retirada e no trimestre inmediato seguinte; ese consumo mínimo estimado, incrementarase nun 25% redondeando a unidade, en cada un dos trimestres posteriores ata a reparación ou substitución do contador; ata un máximo de 114 m³/trimestre.

Abonados industriais: 500m³, no trimestre no que se produza a avaría, paro ou retirada e no trimestre inmediato seguinte;ese consumo mínimo estimado, incrementarase nun 25%, redondeando a unidade, en cada un dos trimestres posteriores ata a reparación ou substitución do contador; ata un máximo de 2.348m³/trimestre.

Se o contador avariado, parado ou retirado, fora dos denominados totalizadores, facturará o consumo equivalente ao máximo rexistrado e facturado en razón dese contador en calquera período trimestral anterior á avaría, paro ou retirada, deducíndose dese consumo estimado o correspondente aos contadores unitarios que se derivan do mesmo, salvo no suposto de que ese consumo máximo fora debido a fuga ou avaría constatada, en cuxo caso, facturarase a media dos catro trimestres con maior lectura nos últimos cinco anos, excluído o da fuga ou avaría.

Cando por causa imputadas ao abonado (ausencia, vivendas cerradas, etc) non fora posible tomar lectura ou o contador rexistrara consumo cero, os abonados poderán presentar no servizo de augas a tarxeta de elctura con as anotacións correspondentes ao consumo, se non o fixeran ou se o consumo fora cero, facturarse aos abonados de consumo doméstico, con carácter de depósito previo, unha cota equivalente a un consumo de 27 m³ por trimestre, que se deducirán das lecturas tomadas en períodos posteriores, ata a súa compensación, sempre que non transcurra máis de seis facturacións trimestrais entre a data de recibo que corresponda á primeira lectura estimada e a data da regularización. O depósito previo non será de aplicación no suposto de que o consumo cero se producira no mesmo trimestre no que se formalice a baixa do abonado. Non se aplicará a estimación e o depósito previo cando o consumo cero se rexistre en contadores instalados na forma prevista nos artigos 25 e 26 do Regulamento do servizo de augas potables ****??. de forma que o servizo de augas poida anotar periódicamente a lectura sen intervención directa do abonado.

Para a determinación dos consumos habidos durante o período fixado en trimestres, efectuaranse as medicións do consumo mediante os aparatos contadores a que se refíere o Regulamento do servizo de augas, de modo que cada subministro poida ser dimensionado mediante un contador; establecéndose, con carácter xeral, a instalación do contador totalizador a que se refíere o artigo 26 do Regulamento do servizo, para determinar os consumos globais de instalacións con ramais de derivación; da lectura dese contador deducirase a suma das lecturas dos unitarios que se derivan do mesmo e da diferenza, de habela, liquidarase ó propietario do inmovible ou comunidade de propietarios no seu caso; e se a diferenza fose negativa, acumularase para a súa dedución nos períodos trimestrais seguintes. Poderá eximirse da instalación destes contadores totalizadores a aquelas instalacións nas que non resulte aconsellable por circunstancias técnicas, debidamente contrastadas.

As obrigas impostas ós usuarios do servizo, nas disposicións legais ou regulamentarias e na presente ordenanza, poderá executarse subsidiariamente polo concello con cargo ao usuario, seguindo o procedemento legalmente establecido.

Artigo 9. Exencións e bonificacións.

Non se reconecerá exención nin bonificación algunha na exacción desta taxa.

Artigo 10. Reducións.


Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 da lei 39/1988, establécese unha redución do 50% da tarifa polo consumo destinado ás explotacións agrícolas.

Artigo 11. Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ós mesmos correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes e disposicións que a desenvolven da lei xeral tributaria.

Disposición Adicional Primeira. Declaración de alta

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta no censo ou no padrón da taxa e surtirá efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.



Disposición Adicional Segunda. Declaración de baixa.

Os suxeitos pasivos substitutos do contribuinte formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtir efecto no período natural seguinte ó da presentación da mesma podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

Disposición Final.

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Notas:

Modificación pleno do 16/10/2008. artigo 5. base imponible)

Modificación pleno do 28/04/2012: artigo 5. base imponible (BOP num. 119/12, DO 25/06/2012)